

LOURDES NOYA FERREIRO, SECRETARIA XERAL DA UNIVERSIDADE DE SANTIAGO DE COMPOSTELA,


CERTIFICA, antes da aprobación da acta correspondente, que o Consello de Goberno na sesión do quince de xuño de dous mil once, informou favorablemente a normativa sobre permanencia nas titulacións de grao e máster, nos termos do documento adxunto, e que se someterá á aprobación do Consello Social.

E para que así conste, asino a presente certificación en Santiago de Compostela a dezaseis de xuño de dous mil once, con Vº e prace do Sr. reitor.

Vº e prace
O reitor



Juan J. Casares Long



PROPOSTA DE NORMATIVA SOBRE PERMANENCIA NAS TITULACIÓNS DE GRAO E MÁSTER

A Lei Orgánica 6/2001, de 21 de decembro, de universidades contempla a regulación do réxime de permanencia dos estudantes como parte da autonomía universitaria, e atribúe ó Consello Social a aprobación desta normativa, previo informe do Consello de coordinación universitaria.

A implantación dos estudos do Espazo europeo de educación superior, polo Real Decreto 1393/2007, de 29 de outubro, esixe unha nova forma de avaliación que teña en conta as actividades que periodicamente realizan os estudantes. O establecemento de novas metodoloxías docentes que contemplan a avaliación continua como forma natural de determinar o rendemento académico dos estudantes, e a necesidade de compaxinar os estudos cá dedicación laboral que se prevé no Real Decreto 1791/2010, de 30 de decembro, do Estatuto do estudante, fan necesario abordar unha nova regulación do réxime de permanencia que favoreza progresión e rendemento nos estudos.

Como resposta a esta regulación, a Universidade de Santiago de Compostela, en exercicio da utilización responsable e racional dos recursos cá sociedade pon a súa disposición, e cá finalidade de ofrecer unha ensinanza de calidade, aprobou na reunión de 15 de xuño de 2011 do Consello de Goberno e do ... de... de , do Consello Social, a seguinte

NORMATIVA SOBRE PERMANENCIA NAS TITULACIÓNS DE GRAO E MASTER

Artigo 1.-. Ámbito de aplicación

1. A presente normativa regula o réxime de permanencia dos alumnos matriculados na Universidade de Santiago de Compostela en estudos conducentes aos títulos de grao e máster, ao abeiro do RD 1393/2007, de 29 de outubro, e normas concordantes.

Artigo 2.-. Tipos de matrícula

1. A Universidade de Santiago de Compostela ofrecerá dous tipos de matrícula: a tempo completo e a tempo parcial. A modalidade de matrícula elixida deberá manterse durante todo o curso académico.

2. A matrícula a tempo completo comprende un total de 60 créditos en primeira matrícula, agás que a oferta sexa inferior. A matrícula a tempo parcial será de 30 créditos e regularase na convocatoria de matrícula. Dita modalidade a tempo parcial só poderá solicitarse cando concorran circunstancias de orde laboral ou persoal que así o aconsellen. Neste senso, en atención a condicións de discapacidade, e para aqueles estudantes que por razón da súa situación persoal só poden asumir un número inferior de créditos para obter taxas de éxito razoables, poderase autorizar tamén a opción de matrícula a tempo parcial. Para poder acollerse a este tipo de matrícula, deberá presentarse o contrato de traballo acompañado da última nómina, certificado de discapacidade expedido polo órgano competente, ou xustificante que acredite suficientemente a concorrencia dunha situación persoal excepcional.

Artigo 3.- Réxime de permanencia

O alumnado que inicia estudos nunha titulación deberá superar como mínimo unha materia obrigatoria no primeiro curso. De non cumprirse este requisito, se admitirá de novo a matrícula no seguinte curso, pero neste caso deberá superar un mínimo de 30 créditos obrigatorios do primeiro curso para matrícula a tempo completo, e 15 no caso de tempo parcial. De non superalos non poderá continuar na Universidade de Santiago de Compostela os mesmos estudos nos cinco cursos académicos seguintes.

Artigo 4.- Réxime de convocatorias.

1. Con independencia das oportunidades previstas en cada convocatoria, o alumnado poderá concorrer a un máximo de 4 convocatorias para estudos de grao, e 2 para estudos de máster. A estes efectos entenderase que os alumnos teñen dereito a unha convocatoria por curso.

2. Na cuarta convocatoria o alumnado poderá solicitar ser cualificado por un tribunal, sempre que concorrese as tres convocatorias anteriores. Neste caso, o decano por delegación da

xunta do centro, ou a proposta do órgano colexiado que teña asumida a competencia nesta materia, nomeará un tribunal que estará formado do seguinte xeito: o decano ou persoa na que delegue, que o presidirá, o director do departamento ou persoa en quen delegue, dous membros da área obxecto de exame, e un membro de área afín. O profesor ou profesores que reiteradamente realizaron a cualificación en convocatorias anteriores, ou na inmediatamente anterior non poderán ser membros do Tribunal. No caso de que a docencia da materia sexa compartida por dous departamentos, formará parte do tribunal o director do departamento de mais carga docente. No caso dos másteres, poderase solicitar que a última convocatoria sexa avaliada por unha comisión, nomeada polo coordinador a proposta da Comisión Académica do máster. Nesta comisión non poderá formar parte o profesor o profesores que realizaron a cualificación na convocatoria anterior.

Artigo 5.- Esgotamento de convocatorias

1. As convocatorias serán sucesivas, sen que sexa posible renunciar a elas unha vez formalizada a matrícula. As convocatorias entenderanse esgotadas aínda que os estudantes non se sometan aos procedementos de avaliación establecidos.

2. O feito de non presentarse a unha convocatoria ou a calquera das súas oportunidades, determinará que a convocatoria se teña por consumida. A cualificación dunha convocatoria na que o alumno no se presenta, ou non supera os obxectivos establecidos será de “suspenso”.

3. Non obstante o anterior, se nalgunha das convocatorias se acreditase a existencia dun suposto de forza maior o situación excepcional que impedira a realización das actividades programadas, poderá solicitarse, a anulación da convocatoria na que concorrera o feito que impediu a súa realización. A concesión da anulación deberá ser concedida ou denegada de forma motivada polo Reitor que poderá solicitar os informes que considere oportunos.

Artigo 6.- Progreso académico

1. Os alumnos que continúan estudos con materias suspensas de cursos anteriores, deberán matricularse de todas as materias pendentes dos cursos anteriores, non podendo formalizar matrícula por un número superior a 75 créditos. Así mesmo, poderá

establecerse o tránsito de tempo completo a tempo parcial en función da súa taxa de éxito. A matrícula inferior a 30 ECTS considerarase a tempo parcial.

2. O alumnado deberá matricularse obrigatoriamente das materias pendentes dos cursos anteriores, e en ningún caso poderá facelo do último curso con materias pendentes de primeiro curso, agás situacións excepcionais debidamente autorizadas.

3. Só se poderán matricular da materia "Traballo fin de grao" aqueles alumnos que superasen un mínimo de 150 créditos ou do número de créditos establecido polo Plan de estudos, entre eles todos os das primeira metade da titulación, agás en supostos recollidos por Resolución Reitoral en función do réxime de adaptación, ou por outras circunstancias excepcionais debidamente xustificadas.

4. Só poderán superar o traballo fin de grado os alumnos que teñan aprobadas a totalidade das materias. Por Resolución Reitoral establecerase o sistema de superación dos Traballos de fin de Grao e Master.

5. Os centros deberán informar aos alumnos de primeiro curso das normas de permanencia da USC, e realizar un seguimento dos estudantes de primeiro curso, especialmente dos motivos polos que os alumnos non superan os créditos establecidos, informando das conclusións ao Consello Social.

6. Ao finalizar o período de matrícula, facilitarase ao Consello Social un informe sobre o cumprimento das normas de permanencia en cada titulación.

Disposición transitoria primeira

O alumnado de estudos anteriores aos regulados polo Real Decreto 1393/2007, rexeranse polas normas aprobadas con anterioridade, en particular pola Normativa de Xestión Académica da USC.

Disposición transitoria segunda

As titulacións que teñan normas de permanencia específicas nas súas memorias deberán adaptalas no prazo máximo de seis meses dende a aprobación da presente Normativa.

Disposición adicional primeira

Esta normativa será de aplicación aos estudos de grao ou master realizados na modalidade semipresencial. Para os estudos realizados en modalidade virtual aplicarase o establecido na memoria do plan de estudos

Disposición adicional segunda

Todas as referencias a “alumnos”, “estudantes”, “alumnado” ou “estudiantado” se entenden en xenérico sen identificación de sexo, abracando tanto aos de xénero feminino como masculino.

Disposición adicional terceira

Para os alumnos de intercambio as obrigas de matrícula en relación co sistema de permanencia serán a que se establezan por Resolución Reitoral.

Disposición final

A presente normativa será aplicable unicamente para os títulos de grao e máster, e entrará en vigor a partir de curso académico 2011.2012 previa aprobación polo Consello Social e publicación no DOG.

Santiago de Compostela, a 15 de xuño de 2011